



Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/17909/2025 08/10/2025

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I12UD	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/6212	
2T01 5L5K 2P61 1B16 0P7G	Fecha 03-10-2025	

RESOLUCIÓN

Visto o Informe - proposta de data 3 de outubro de 2025, asinado pola Xefa de Servizo de Servizos Sociais e pola Directora da Área de Benestar Social, que literalmente di:

“APROBACIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2026.

I.- Antecedentes

O Concello da Coruña, en aplicación do que establecen o artigo 25 da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, promove actividades co fin de contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, as devanditas competencias exércense nos termos da lexislación estatal e autonómica en materia de servizos sociais, e en particular a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A concesión de axudas económicas constitúe un instrumento básico e indispensable para a consecución dos obxectivos que fixa a política social e económica do Concello da Coruña. Neste senso, e co fin de reforzar o apoio ás familias nas que algunha das súas persoas membros sexa unha persoa con discapacidade segundo o previsto no artigo 67 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aproba con carácter anual unha convocatoria para a concesión de axudas denominadas “Bono-Taxi”.

Despois da experiencia levada a cabo coa tarxeta de emerxencia social, a concellaría proxectara para o ano 2026 o cambio da modalidade de bono en papel a un novo sistema de pago máis innovador, que mellorase a eficiencia administrativa e a experiencia do usuario final. A complexidade de contar cun provedor externo do servizo, a necesidade de integrar o devandito sistema cos programas informáticos existentes e a necesidade de establecer mecanismos de control e rastrexabilidade de uso seguros, non permitiron materializar este cambio para a convocatoria 2026.

En todo caso, continúaase traballando activamente para a súa implantación definitiva no menor prazo posible, optando a concellaría por adiantar ao máximo a tramitación anticipada da convocatoria coa finalidade de tentar que a repartición dos bonos ás persoas usuarias de realice durante o primeiro trimestre do 2027 coa finalidade de permitir o seu uso durante o maior número de meses posible.

Ademais, atendendo ao perfil da persoas beneficiarias do programa e ás súas dificultades de mobilidade, están a estudarse solucións para mellorar os mecanismos de entrega de talóns,



Concello da Coruña

o que permitirá realizar unha entrega descentralizada e máis próxima aos lugares de residencia das devanditas persoas.

Con esta finalidade, preténdese aprobar a convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, destas axudas de "bono-taxi" coa finalidade de seguir dotando os recursos do Concello da Coruña destinados a apoiar o transporte en taxi de persoas cunha discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade e lles impida empregar os transportes públicos colectivos para o ano 2026, por un importe de 150.000,00 euros.

II.- Consideracións Técnicas e Xurídicas

O marco xurídico destas axudas ven determinado polo Regulamento de servizos das corporacións locais do 17 de xuño de 1955, a Lei 38/2003 Xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 9.2 da LXS dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras da concesión. Asemade, o artigo 17.2 prevé que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

No ámbito municipal, existe unha Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, cuxo texto integro foi publicado no BOP da Coruña nº 156 de data 16/08/2024.

A Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade ven de elaborar unha convocatoria de axudas específica para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas cunha discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade e lles impida empregar os transportes públicos colectivos para o ano 2026, cun importe de 150.000, euros.

As persoas beneficiarias desta convocatoria serán as persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, que afecte gravemente a súa mobilidade e lles impida utilizar os transportes públicos colectivos.

O prazo establecido, de un (1) mes, cumpre co establecido no artigo 23 da Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, que establece que o prazo para presentar a solicitude establecerase na convocatoria, non podendo ser inferior a cinco días hábiles.

Dende o punto de vista formal, esta convocatoria de axudas para o ano 2026 mantén a simplificación da documentación a presentar polos interesados que se puxo en marcha na convocatoria do ano pasado, ó incorporar a posibilidade de consulta de novos datos incluídos no catálogo de servizos de interoperabilidade da Xunta de Galicia e outras administracións.

III.- Existencia de crédito. Tramitación anticipada de expediente de gasto

En relación co importe da convocatoria, a contía total desta convocatoria é de 150.000,00€, que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.480.06 do orzamento municipal, cuxa rúbrica é "*Bono taxi axudas a persoas con discapacidade para o transporte en taxi*", segundo os períodos e exercicios orzamentarios que se indican:



Concello da Coruña

Obxecto	Período mensual de imputación do gasto do ano natural 2026	Exercicio económico-orzamentario	Importe da Retención de Crédito
Convocatoria Bono taxi 2026 (Tramitación anticipada)	De xaneiro ata novembro do ano 2026 (01/01/2026 ata 30/11/2026)	2026	116.000,00 euros
	En decembro do ano 2026 (01/12/2026 ata 31/12/2026)	2027	34.000,00 euros
Importe total obxecto convocatoria Bono Taxi 2026:			150.000,00 euros

O punto 1 do apartado III da Base 5ª de execución do Orzamento Municipal vixente establece que poderán tramitarse anticipadamente os expedientes de gasto que se relacionen neste apartado III, cando a execución do gasto, xa sexa nunha ou varias anualidades (gastos plurianuais), deba iniciarse en exercicios posteriores. Así mesmo, coa finalidade de axilizar o procedemento na tramitación de subvencións e axilizar a xestión orzamentaria, establécese a posibilidade de realizar a tramitación anticipada das mesmas e aprobar a convocatoria das subvención no exercicio anterior a aquel en que vaia ter lugar a súa resolución, segundo o disposta no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, tanto para subvencións anuais como plurianuais e sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade na que se produce a concesión.

O punto 4 da Base 5ª III regula o procedemento para realizar a tramitación anticipada desta convocatoria de subvención:

4. Procedemento

Para realizar a tramitación anticipada é necesario que:

4.2 Os expedientes de tramitación anticipada de subvencións, en todo caso, e nos demais expedientes de tramitación anticipada de gasto cuxa execución haxa de abarcar máis dun exercicio orzamentario (gastos plurianuais) poderá realizarse a tramitación anticipada sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que existe normalmente crédito adecuado e suficiente para a cobertura orzamentaria do gastos de que se trate nos Orzamentos xerais do Concello.
- Que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Orzamentos xerais do Concello aprobado pola Xunta de Goberno Local correspondente ao exercicio seguinte, no que se adquirirá o compromiso de gasto.
- Que se adoptase acordo plenario do que se deduza a obriga de incluír o crédito no orzamento do exercicio seguinte”.

Consta no expediente o informe do Servizo de Orzamentos e Servizos Económicos en relación coa tramitación anticipada da convocatoria CSV 4B3M 4Z2I 066D 3C3Q 17YD

IV.- Competencia

Os acordos que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo dispón o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. A Xunta de Goberno Local, por acordo de data 04/07/2024, publicado no BOP núm. 129 do 05/07/2024, acordou delegar, de conformidade co previsto no artigo 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nas concelleiras e concelleiros delegadas e delegados, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos de cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos, as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local:delegar a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión, así como a aprobación de subvencións nominativas previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e



Concello da Coruña

disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.”

Á vista do exposto e de acordo coas facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e facendo uso das atribucións que teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo do 04/07/2024, publicado no BOP núm.129, do 05/07/2024),

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar, de forma anticipada, a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2026 (tamén denominadas “Bono-Taxi”) no marco da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, cuxo texto integro foi publicado no BOP da Coruña nº 156 de data 16/08/2024, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de 150.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade (bono-taxi) do concello da Coruña para o ano 2026, que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 5D5W 4T0X 0P2V 4K1U 1ADP na súa versión en castelán e 6653 2P41 4L4H 2J2E 1A7N na súa versión en galego. Achégase coa convocatoria a solicitude de Bono Taxi con código seguro de verificación 3F2O 1J4X 3I5O 4Y1H 1206.

TERCEIRO.- Reter crédito polo importe de 150.000,00€, destinados a pagar a convocatoria de bono taxi 2026 na aplicación 51.231.480.06 do orzamento municipal, segundo os períodos e exercicios orzamentarios que se indican (116.000,00 € na anualidade 2026, para aboar os gastos do período de xaneiro a novembro de 2026 e 34.000,00 € na anualidade 2027, para aboar os gastos correspondentes a decembro de 2026), condicionando o gasto de ambas dúas anualidades á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Obxecto	Período mensual de imputación do gasto do ano natural 2026	Exercicio económico-orzamentario	Importe da Retención de Crédito
Convocatoria Bono taxi 2026 (Tramitación anticipada)	De xaneiro ata novembro do ano 2026 (01/01/2026 ata 30/11/2026)	2026	116.000,00 euros
	En decembro do ano 2027 (01/12/2026 ata 31/12/2026)	2027	34.000,00 euros
Importe total obxecto convocatoria Bono Taxi 2026:			150.000,00 euros

CUARTO.- Realizar os trámites precisos para publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, na sede electrónica do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente.

O presente acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo,



Concello da Coruña

reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

A Coruña, na data da sinatura dixital do documento electrónico.

A Xunta de Goberno Local, P.D. (Acordo da XGL de data 04/07/2024, publicado no BOP núm 129 do 05/07/2024)

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade
Nereida María Canosa Domínguez